

Peticions do Foro de Organizacións de Xornalistas (FOP) en defensa do dereito constitucional á información da cidadanía

1º.- Borrador de Lei Orgánica de Garantías do Dereito á Información da Cidadanía (LOGDIC).

O Foro de Organizacións de Xornalistas (FOP) aprobou unha proposta de borrador de lei, en abril de 2004, e presentouna aos grupos parlamentarios, ao presidente do Congreso dos Deputados e á cidadanía en distintos actos públicos. Nese borrador defínese a figura do xornalista profesional, xornalista á peza, xornalista por libre ou *freelance* e colaborador/a; os seus dereitos e deberes, e tamén os dos empresarios dos medios de comunicación; dereitos de autoría; cláusula de conciencia; segredo profesional; Comités Profesionais nos medios; Consello Corregulador do Xornalismo Profesional, etc.

Proposta do FOP: que o Goberno elabore e presente un proxecto de lei reguladora desta materia, ou impulse unha proposición de lei por parte do Grupo Parlamentario Socialista do Congreso dos Deputados.

2º.- Dereitos de autoría.

Os dereitos de autoría dos xornalistas están recoñecidos na Unión Europea (Directiva 2001/29/CE) e a escala internacional (Convenio de Berna e Tratados da Organización Mundial da Propiedade Intelectual -OMPI-). En España non están recoñecidos como corresponde na Lei de Propiedade Intelectual, o que permite que moitos empresarios dos medios de comunicación non os respecten, e iso tradúcese na práctica en moitos abusos cometidos co traballo de xornalistas e fotoxornalistas.

Proposta do FOP: que o Goberno elabore e presente un proxecto de modificación da vixente Lei de Propiedade Intelectual, ou impulse unha proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista, para que nela se regulen os dereitos de autoría sen ambigüidade e se recoñeza con claridade que os e as xornalistas, fotoxornalistas, deseñadores gráficos e infografistas son os autores da obra e os titulares dese dereito, tal e como declarou a Comisión Europea, e que tamén se regulen nesa norma os dereitos que correspondan aos editores como titulares das plataformas necesarias para a difusión deses traballos.

3º.- RTVE, medios públicos e axencia Efe.

O FOP sempre defendeu e defende a necesidade de que a RTVE e os demais medios públicos (radios e televisións autonómicas e locais), así como a axencia de noticias Efe, sexan independentes do goberno do momento e se garanta que ofrecen unha información veraz e plural, como prevé a Constitución.

Proposta do FOP: que o Goberno, trala aprobación da Lei 5/2017, de 29 de setembro, pola que se modifica a Lei 17/2006, de 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, e a aprobación do real decreto lei de 22 de xuño de 2018 polo que se concreta, con carácter urgente, o réxime xurídico aplicable á designación do Consello de Administración da Corporación de RTVE e do seu presidente, adopte as medidas necesarias para garantir uns medios públicos independentes e de calidade, xestionados polos seus profesionais sen inxerencias externas, con financiamento suficiente e cunha Presidencia e un Consello de Administración elixidos por concurso público..

4º.- Consello Estatal de Medios Audiovisuais.

España é o único país da Unión Europea no que non existe un organismo regulador do mercado audiovisual que garanta o correcto funcionamento dese servizo público. O proxecto de Lei 7/2010, de 31 de marzo, Xeral da Comunicación Audiovisual, contemplaba a creación dun Consello Estatal de Medios Audiovisuais, pero finalmente esa previsión foi eliminada, argumentando motivos económicos, e ese control pasou a ser unha función da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia..

Proposta do FOP: que o Goberno elabore e presente un proxecto de modificación da vixente Lei Xeral da Comunicación Audiovisual, ou impulse unha proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista, para que nela se estableza a creación dun Consello Estatal de Medios Audiovisuais, independente do Goberno e con financiamento público suficiente, de características similares aos existentes nos países da Unión Europea, eliminando esta tarefa das atribuídas á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia na Lei 3/2013, de 4 de xuño..

5º.- Regular as figuras do colaborador/a e do freelance.

Os colaboradores e colaboradoras son unha figura habitual e cada vez máis numerosa no mercado xornalístico español. Tanto eses profesionais como os e as xornalistas á peza e xornalistas independentes ou *freelance* non teñen ningunha protección legal en España nin teñen dereito a ningún dos beneficios sociais que se recoñecen aos demais traballadores..

Proposta do FOP: que o Goberno elabore e presente un proxecto de lei, ou impulse unha proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista, na que se regulen os dereitos e deberes dos e as xornalistas á peza, colaboradores/as e xornalistas por libre ou freelance, e se estableza a súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social, coa correspondente cotización empresarial. A devandita lei deberá establecer que o traballo destes profesionais sexa regulado nos convenios colectivos e nun acordo marco a negociar entre a patronal e os sindicatos, no que se establecerán unhas remuneracións mínimas para os seus traballos.

6º.- Modificar as leis que limitan o dereito á información e á comunicación.

Durante a X Lexislatura, o anterior Goberno remitiu ao Congreso varios proxectos de lei que foron aprobados polas Cortes -cos votos a favor do Grupo Popular e en contra dos demais grupos-, que limitan dereitos da cidadanía en xeral e dos profesionais dos medios de comunicación en particular: Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección da Seguridade Cidadá (coñecida popularmente como Lei Mordaza), reformas do Código Penal e reforma da Lei de Axuizamento Criminal.

Proposta do FOP: que o Goberno promova con urxencia a derogación desas normas, mediante senllos proxectos de lei, ou impulsando a presentación de proposicións de lei por parte do Grupo Parlamentario Socialista, para recuperar os dereitos que, coas leis citadas, perderon a cidadanía e os e as profesionais dos medios de comunicación.

7º.- Licenzas de emisión para os medios comunitarios sen ánimo de lucro.

Os medios de comunicación comunitarios sen ánimo de lucro atópanse nunha situación de alegalidade, e baixo constantes ameazas de expedientes de sanción ou peche, porque o Goberno non desenvolveu a Lei 7/2010 Xeral da Comunicación Audiovisual, de 31 de marzo (LXCA), que establece unha reserva de frecuencias para este tipo de servizos comunitarios pese a transcorrer oito anos desde que esa norma foi aprobada.

Proposta do FOP: que o Goberno desenvolva as previsións incluídas na Lei 7/2010 Xeral da Comunicación Audiovisual, e adopte as medidas necesarias para a concesión de licenzas de emisión aos medios comunitarios sen ánimo de lucro, que son imprescindibles para garantir a liberdade de expresión.

8º.- Medidas para erradicar o abuso cos falsos autónomos.

Cada vez é máis frecuente que moitas empresas de comunicación prescindan de persoas do seu cadro e despois utilicen os seus servizos profesionais como falsos autónomos. Esta práctica, que supón unha fraude á Seguridade Social, é especialmente grave no caso dos e as fotoxornalistas.

Proposta do FOP: que o Goberno, en colaboración coas comunidades autónomas, adopte as medidas necesarias para reforzar a Inspección de Traballo, co obxectivo de que actúe con máis eficacia contra esas prácticas ilegais.